
O TITANIC



Todos oímos falar do famoso transatlántico Titanic. Nesta lectura veremos a súa historia, o seu afundimento e as causas desta catástrofe. Con respecto á historia, o Titanic construíuse con técnicas moi modernas de principio de século XX. Era o transatlántico máis luxoso do mundo. A súa primeira viaxe, de Inglaterra a Nova Iorque, iniciouse o 10 de abril de 1912, con 2227 pasaxeiros a bordo, incluída a tripulación. Na mañá do 14 de abril xa atravesara a metade do Atlántico.Horas despois, a radio do California, un barco que pasaba preto de alí, transmitiu as primeiras noticias: había icebergs no camiño e a navegación facíase perigosa pola mala visibilidade causada pola espesa néboa. Pero o capitán, J. Smith, non ordenou reducir a velocidade, pois quería bater unha marca.

Os primeiros indicios do afundimento apareceron pouco despois das 11 da noite, cando un vixía berrou: iceberg pola proa! O gran bloque de xeo estaba a menos de 500 metros do transatlántico. Era imposible cambiar o rumbo tan de présa. O iceberg rozou a proa e abriu unha brecha no casco. A auga empezou a entrar e pasou rapidamente duns compartimentos a outros. Isto fixo que a proa se afundira catro metros. Cara ás dúas da madrugada, un enorme renxido anunciou que o Titanic partira en dous. Vinte minutos máis tarde, o transatlántico que se cría insomerxible afundiuse nas profundidades do océano. O impensable sucedera, 1522 persoas morreron.

Entre os estudos máis recentes para determinar as causas do afundimento destaca o realizado en 1991 polo investigador do Canadá Steve Blasco. Este científico recuperou un anaco de aceiro do casco do Titanic e o comparou co aceiro utilizado actualmente na construción naval. Non había dúbida: as pranchas que formaban o armazón do casco estaban feitas cun aceiro moi fráxil. Os científicos comprobaron que esta fraxilidade debíase a un alto contido en xofre, que facía o aceiro máis quebradizo. Se o aceiro do Titanic fora de alta calidade, probablemente, esta traxedia non sucedería nunca. Este defecto de fabricación, xunto con outras causas persoais e ambientais, custaron a vida de centos de persoas.

1.- Une con frechas cada unha destas ideas co parágrafo no que aparecen.

Unha das causas do afundimento foi que

estaba mal construído. PARÁGRAFO 1

Na construción do Titanic utilizouse a

tecnoloxía máis avanzada do seu tempo. PARÁGRAFO 2

Un gran bloque de xeo chocou contra a proa

do barco e abriu unha greta no casco. PARÁGRAFO 3

2.- Clica nas causas que provocaron o afundimento do Titanic.

a) Aceiro quebradizo.

b) Exceso de pasaxeiros.

c) Espesa néboa.

d) Moito vento.

e) Problemas na sala de máquinas.

f) Imprudencia do capitán.

3.- Escolle. Cantas persoas sobreviviron á traxedia?

4.- Clica na que creas correcta. Cres que a un transatlántico actual lle sucedería o mesmo que ao Titanic ao chocar de igual forma contra un iceberg?

Si. O choque contra un iceberg sempre provoca a rotura do casco do barco.

Non. Porque o aceiro dos barcos actuais non é tan fráxil como o do Titanic.

Non. Porque actualmente nunca hai icebergs no océano.

5.- Clica na resposta correcta. Por que era impensable que se afundira o Titanic?

Porque é moi estraño atopar icebergs no Atlántico.

Porque o capitán, J. Smith, pretendía bater unha marca e chegar antes a Nova Iorque.

Porque se construíu coas técnicas máis modernas de principios do século XX.

6.- Arrastra para ordenar as seguintes ideas tendo en conta o texto. Por exemplo a idea C vai no primeiro lugar.

a) O Titanic partiuse en dous.

b) Abriuse unha brecha no barco.

c) Á tripulación do Titanic comunicóuselle que había icebergs no camiño.

d) A proa afundiuse catro metros.

e) O iceberg rozou a proa.

f) O Titanic descendeu ata as profundidades do Atlántico.

g) Divisouse un iceberg a tan só 500 metros do transatlántico.

7.- Marca cal destas ideas aparecen no parágrafo 2

a) O buque California navegaba preto do Titanic.

b) A tripulación do Titanic foi informada da existencia de icebergs.

c) O capitán do Titanic reduciu a velocidade do barco.

d) O vento dificultaba a visibilidade do barco.

e) O capitán do Titanic chamábase J. Smith.

8.- Escolle a idea que consideres máis importante do parágrafo 2.

O vixía divisou un iceberg a 500 metros do transatlántico.

O Titanic non tivo tempo de cambiar o rumbo.

O Titanic tivo un accidente cun iceberg.

A auga entrou nos compartimentos do barco.

A proa afundiuse catro metros.

9.- Escolle as dúas ideas que consideres máis importante do parágrafo 3.

Se o aceiro do Titanic fora de alta calidade, probablemente, esta traxedia non sucedería nunca.

Steve Blasco estudou para determinar as causas do afundimento.

Non había dúbida: as pranchas que formaban o armazón do casco estaban feitas cun aceiro moi fráxil.

Os científicos comprobaron que esta fraxilidade debíase a un alto contido en xofre, que facía o aceiro máis quebradizo.

Este científico(Steve Blasco) recuperou un anaco de aceiro do casco do Titanic.